

INCENDIOS FORESTAIS E SAÚDE

O fume dos incendios forestais está composto por unha mestura de gases e partículas finas que se producen cando se queima a leña e outros materiais orgánicos.

EFFECTOS SOBRE A SAÚDE



Poden causar irritacións nos ollos, nariz, gorxa e pulmóns, ademais de provocar dor de cabeza, dor torácica ou dificultade respiratoria.



As persoas que padecen algunha enfermidade cardíaca poderían experimentar dor de peito, pulso acelerado, falta de aire ou fatiga.

PERSOAS MÁIS VULNERABLES



Bebés, nenos, nenas e adolescentes



Embarazadas



Persoas maiores de 65 anos



Persoas con problemas respiratorios ou cardíacos



Persoas con diabetes

COMO PROTEXERSE DO FUME



En caso de irritación ocular, recoméndase lavar os ollos con soro fisiolóxico ou auga limpa, usar lágrimas artificiais sen conservantes e evitar fregar os ollos.

Limitar ao máximo as estadias no exterior.



Evitar realizar actividade física ao aire libre.

Se é necesario saír ao exterior, empregar máscaras FFP2. Se é posible, empregar lentes para protexer os ollos.

Recoméndase permanecer na casa, manter o aire interior limpo e pechar as portas e fiestras.



Evitar fumar, usar fornos de leña, aerosois, fritir, asar ou prender velas e incensos.

En caso de dispoñer de aire acondicionado, recoméndase utilizalo, preferentemente con filtros de alta eficiencia, pechando de ser o caso o regulador de toma de aire exterior.



Manterse ao tanto das mensaxes de emerxencias e doutras fontes oficiais sobre as medidas adicionais de seguridade.

PRECAUCIÓN COAS CINZAS



En caso de contacto coas cinzas, lavar canto antes a pel, os ollos ou a boca extremando as precaucións.



Recoméndase usar máscara, luvas, roupa e calzado que cubran a pel, así como lentes para protexer os ollos.



Manter os nenos e as nenas afastados das cinzas e limpar os xoguetes antes de que xoguen con eles.

